

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de novembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a 1ª prórroga na contratación do servizo de mediación e asesoramento de seguros. Expte. ref. 2023/C003/000030.

Tamén se acorda a prórroga dende o 22.12.2024 ata o 21.12.2025 na contratación dos servizos funerarios para o enterramento de persoas sen recursos. Exp ref: 2020-C003-000013.

Así mesmo, acórase a adxudicación na contratación da subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais. Exp. ref. 2024-C004-000021.

2. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do anexo II conforme ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia, cofinanciadas parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac8329768095312726785.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-11-2024

Tamén se acorda aprobar o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Club Deportivo Free Dojo, para a celebración do evento “Dojo Arena Feria Nacional de Contacto y Artes Marciales”.

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 12 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (2 prazas pertencentes á OEP 2021, 4 prazas pertencentes á OEP 2022, 4 prazas pertencentes á OEP 2023 e 2 prazas pertencentes á OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

4. DEPORTES.- Acórdase a aprobación do gasto para bolsas de axudas económicas individuais para persoas con talento deportivo-exercicio 2024.

Fóra da orde do día

- Convenio de colaboración entre a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo e Fundación La Caixa para a instalación da exposición “Leonardo da Vinci, arte en la calle. Observa, cuestiona, experimenta” ubicada na praza Horta do Seminario.

- Pago do prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por Ministerio de Lei das parcelas, sitas na estrada N-VI fronte ao Balneario de Lugo”, expediente número 2/2022 do Xurado de Expropiación de Galicia.

- Pago do prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por Ministerio de Lei das parcelas, sitas na rúa San Lourenzo 53”, expediente número 224/2024 do Xurado de Expropiación de Galicia.

- Pago de prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por Ministerio de Lei da parcela, sita na zona da confluencia da avenida a Madrid coa rúa Bernardino Pardo Ouro”, expediente número 2023/000402 do Xurado de Expropiación de Galicia.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.